

Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riós para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de promoción do cultivo e produción da castaña durante os anos 2017, 2018 e 2019

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

REUNIDOS

Por unha banda, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira do Medio Rural, en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Francisco Amando Veiga Romero, alcalde do Concello de Riós, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio de colaboración:

EXPOÑEN:

Que no mes de novembro do ano 2008 inaugurouse o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós. Este centro ten entre os seus obxectivos facer inventario e tipificación dos soutos da montaña ourensana para mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castaño e todas as pragas que o ataca.

A execución das instalacións deste centro, foi financiada con cargo a un proxecto realizado ao abeiro do programa INTERREG III cun investimento total de 2.530.000 euros repartidos do seguinte xeito: 75% fondos da Unión Europea; 15% do Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde); o 5% aportado pola Consellería



do Medio Rural e o 5% restante a cargo dos concellos de Riós, A Gudiña, A Mezquita, Vilariño de Conso e Vilardevós.

Este centro atópase nunha área de montaña no que ten especial interese o cultivo da castaña. A produción da castaña que, por unha banda, se atopa nun magnífico momento comercial ao tratarse dun produto moi demandado polos mercados internacionais, mentres que, por outra banda, require dun especial apoio técnico ao estar ameazado por varias pragas e doenzas de complicado manexo que convén ter vixiadas e ás que hai que realizar un seguimento intensivo.

A día de hoxe a comercialización da castaña depende dun sistema primitivo, baseado no traballo de intermediarios tradicionais en cada zona e na comercialización do produto a granel, con instalacións e métodos de traballo pouco axeitados, o que produce unha gran mingua da calidade final e deixa pouco valor engadido no territorio. A simple clasificación en orixe do produto encamiñada á comercialización de partidas monovarietais e á realización de controis de calidade a pé de souto constituiría un gran paso á hora de valorizar un produto que, a pesar de adquirir un altísimo valor no seu destino final, non está a deixar suficiente valor engadido na área de produción. Neste sentido é preciso incidir en que unha maior porcentaxe de produto procesado no territorio redundaría na creación de postos de traballo e na permanencia dunha maior porción do valor engadido á produción.

En todas estas tarefas o centro resultará de gran axuda para os produtores de castañas.

Pola súa parte, a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, lle corresponde, dentro das súas competencias: O seguimento, análise e planificación das accións tendentes á mellora e conservación da saúde e vitalidade das masas forestais, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos desta administración; A prevención, seguimento e control do estado sanitario das masa forestais e o estudo dos axentes nocivos, pragas e enfermidades das especies vexetais forestais e dos produtos da micoloxía en Galicia, excluindo os aproveitamentos de árbores e arbustos para froito; O fomento dos sistemas agroforestais e a súa preservación; O aproveitamento sustentable dos souts de

castiñeiros; O mantemento da actividade agraria nas zonas rurais e, nomeadamente, nas zonas de montaña.

A Consellería do Medio rural é consciente da necesidade de desenrolar o sector primario sobre todo en zonas cun enorme potencial forestal e agrícola, cunhas novas oportunidades de creación de emprego e rendas a través da promoción do cultivo e produción da castaña. Sobre todo en zonas como esta desfavorecida, de alta montaña, cunha poboación envellecida, onde calquera axuda ou apoio para o desenvolvemento das potencialidades da zona é absolutamente prioritaria e de gran interese social e económico. Por estas razóns a achega económica desta Consellería ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público e económico que xunto a que o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós é un centro único na zona dedicada á finalidade deste convenio considéranse razóns suficientes que xustifican a falta de concorrencia, de acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

E en base ao exposto acordan a sinatura do convenio de acordo coas seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto impulsar a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de promoción do cultivo e produción da castaña.

Segunda. Programación de actuacións a desenvolver

As actuacións que se desenvolverán en base a este convenio de colaboración son as seguintes:

A. Prestación de servizos aos silvicultores e produtores de castaña da comarca

O apoio aos agricultores e silvicultores da comarca dando apoio técnico para resolver as dúbidas que teñan os silvicultores ou produtores en todo o referente ao cultivo do

castaña, tanto na plantación, cultivo, comercialización, ou tramitación de axudas ou licencias.

B. Realización de accións formativas

Unha das claves para o éxito nunha actividade agroforestal estriba nun axeitado grao de coñecemento sobre as particularidades da produción que se pretenda. Neste senso, tanto en novas explotacións coma no caso de desempregados doutros sectores que pretendan unha incorporación ao mercado laboral no sector primario, ben por conta allea, ben coma emprendedores, é de vital importancia a posibilidade de acceso a unha formación axeitada.

O Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós desenvolverá esta función realizando cursos e xornadas de formación que estarán dirixidas especialmente a tres colectivos:

- Produtores en activo.
- Persoas que pretendan iniciar unha actividade agraria.
- Desempregados na busca dunha incorporación ao mercado laboral por conta allea en empresas do sector primario.

Estas accións formativas terían un carácter eminentemente práctico e serán impartidas polo persoal técnico do centro, ademais, periodicamente realizaranse xornadas sobre temas de especial interese coa participación de expertos na materia.

C. Asesoramento na comercialización e transformación do produto

A día de hoxe a comercialización da castaña depende dun sistema primitivo, baseado no traballo de intermediarios tradicionais en cada zona e na comercialización do produto a granel, con instalacións e métodos de traballo pouco axeitados, o que produce unha gran mingua da calidade final e deixa pouco valor engadido no territorio.

A simple clasificación en orixe do produto encamiñada á comercialización de partidas monovarietais e á realización de controis de calidade a pé de souto constituiría un gran paso á hora de valorizar un produto que, a pesar de adquirir un altísimo valor no seu destino final, non está a deixar suficiente valor engadido na área de produción.



D. Fomento do asociacionismo dos produtores da castaña

E. Vixianza e loita contra as doenzas do castiñeiro

A produción de castaña require dun bo estado fitosanitario dos soutos, e o persoal técnico do Centro Agroforestal de Ríos terá dentro das súas competencias a vixianza dos soutos e de ser necesaria a realización de accións de loita contra as doenzas.

Terceira. Obrigas do Concello de Ríos

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o Concello de Ríos obrígase a:

- Presentar cada ano, antes do 31 de xaneiro, unha memoria de programación de obxectivos específicos e actuacións a realizar, que será aprobada mediante resolución do Director Xeral de Ordenación Forestal. No ano 2017 presentará dita memoria antes do 15 de novembro.
- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento. En particular, deberá *Dotar ao Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Ríos, dun enxeñeiro técnico agrícola ou un enxeñeiro agrónomo e un administrativo para o ano 2017. Para os anos 2018 e 2019, dotarase a maiores dun enxeñeiro técnico forestal ou un enxeñeiro de montes.*
- Presentar a documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Consellería do Medio Rural como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.



- Cumprir co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.
- Facilitar a inspección e control da Dirección Xeral de Ordenación Forestal co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.

Doutra banda, o Concello, previamente á sinatura do presente convenio, presentará:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no Artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Autorización á Consellería do Medio Rural para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

Cuarta.- Gastos subvencionables

Os gastos máximos subvencionables por unidades e conceptos serán os seguintes:

Unidades	Concepto	Cantidade	Total ano
1	Enxeñeiro	12 meses	21.496,80€



	Agrícola/Agrónomo		
1	Enxeñeiro Forestal/Montes	12 meses	21.496,80€
1	Administrativo	12 meses	14.882,40€
1	Vehículo tototerreo 5 prazas incluído combustible	12 meses	12.000,00€
Varios	Gastos de funcionamento e material		2.500€

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada.

Se consideran tamén gastos subvencionables os xa realizados con anterioridade á data de sinatura deste convenio.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

O Concello de Riós poderá concertar con terceiros a execución total das actuacións obxecto deste convenio. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá toda a responsabilidade da execución da actividade subvencionada.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. O concello estará obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria dos beneficiarios/as de cada un dos abonos.

Nos pagos anticipados se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais

1. Todo o persoal que participe ao abeiro deste convenio, desenvolvendo as accións descritas, dependerá tanto xurídica como organicamente da entidade local e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Polo tanto, a entidade local asumirá o pagamento dos salarios, a concesión de permisos, licencias, vacacións e, no seu caso, substitucións; imposición, cando proceda, de sancións disciplinarias e cantos efectos de Seguridade Social se deriven, en particular, o abono de cotizacións e o pagamento de prestacións e cantos outros dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

2. A entidade local deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

Sexta.- Orzamento e obrigas da Dirección Xeral de Ordenación Forestal

A Dirección Xeral de Ordenación Forestal financiará as accións do presente convenio, dentro da partida orzamentaria 13.02.713B 460.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, código de proxecto 2016 00208, durante os seguintes exercicios orzamentarios e cos seguintes importes:



ANO	IMPORTE
Ano 2017	21.199,67 €
Ano 2018	72.376,00 €
Ano 2019	72.376,00 €
TOTAL	165.951,67 €

O financiamento por parte da Consellería das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sétima.- Xustificación

O Concello de Riós estará obrigado a xustificar ante a Dirección Xeral de Ordenación Forestal o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención. *Presentar, antes do 15 de decembro de cada ano, un informe coas actuacións realizadas e os obxectivos acadados, os gastos xerados, as facturas contabilizadas e os contratos e pagamentos realizados ao persoal asignado ao Centro de Desenvolvemento Agroforestal segan o clausulado do convenio.*



2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia el punto anterior.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamento

O convenio subvencionarase co cargo a partida orzamentaria 13 02 713B 460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, código de proxecto 2016 00208, por un importe de 165.951,67 €, distribuídos nos seguintes orzamentos máximos anuais:

Ano 2017: 21.199,67 €

Ano 2018: 72.376,00€

Ano 2019: 72.376,00€

Nas anualidades do 2018 e 2019, realizaranse dous pagamentos. O primeiro, será un anticipo do 50% da anualidade unha vez aprobado mediante resolución do Director Xeral de Ordenación Forestal a programación anual de actividades presentada polo concello. O segundo, doutro 50% da anualidade, unha vez que o Concello presente, antes do 15 de decembro, o informe anual de actividades e xustificación dos gastos, que deberán ser certificado polo Director Xeral de Ordenación Forestal.



No ano 2017 o primeiro pago será do 50% da anualidade que se fará efectivo cando se asine o convenio e o segundo, realizarase unha vez que o Concello presente o informe anual de actividades e gastos feitos e xustificados, antes do 15 de decembro, que deberán ser certificados polo Director Xeral de Ordenación Forestal.

Novena.- Modificación da concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Forestal poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención

3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.



4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

Décimo primeira.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.



- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo segunda.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia coa da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo terceira.- Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo cuarta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería de Medio Rural.

Décimo quinta.- Natureza

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1c) do TRLCSP), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Dirección Xeral de Ordenación Forestal ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo sexta.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 do decembro de 2019.

Décimo sétima.- Normativa aplicable

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de



Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares

- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio, por duplicado, no lugar e data indicado no encabezamento

A conselleira do Medio Rural

O alcalde do Concello de Riós

Ángeles Vázquez Mejuto

Francisco Amando Veiga Romero